

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 1.º Mayo 1931

Núm. 283

AO DECORREL-OS DIAS

Poida que nunca como hoxe teñamos escrito esta páxina con mais íntima satisfacción. A imprantación da República, encol de todo na forma plebiscitaria e serena conque foi instaurada, representa infindas ventaxas para Galicia que non poden pasar a ninguén desapercibidas.

Pol-o pronto resolve a situación anormal, de dictaduras e política desastrosa, en que vivía Hespaña, e por consecuencia Galicia, nos derradeiros oito anos. E tamén o estado de revolta predominante denda caída da primeira Dictadura.

O réxime republicano aparece imposto d'un xeito verdadeiramente maravilloso dino da admiración dos pobos cultos.

Galicia tivo tamén a súa parte aitiva e fondamente afagadeira c'o triunfo da candidatura republicana, galeguista e agraria en casi total-as vilas grandes e en moitas pequenas da nosa terra. Aquelas que mais libres estaban da opresión caciquil e moitas que souperon liberarse a tempo na primeira ocasión que o pobo tivo de manifestar o seu pensamento aguilloado bárbaramente nos derradeiros anos.

A República conquerida así é algo legal e firme que todos temos o deber de acatar e defender. Aínda aqueles que sendo nacionalistas e militando nas Irmandades, onde couperon sempre republicanos e monárquicos, no tiñan feito unha definición de forma de goberno ou sentían no íntimo o sentimento monárquico. Desapareceu este preito que, agora pode decirse, había nas ringleiras galeguistas. Un preito que máis ben era cuestión de apreciación na táctica a desenrolar xa que o sentimento principal, o nacionalista, non perdera o máis cativo adarme de existencia. Hoxe as cousas xa en compreta franquía acatamos a realidade e a idea nacionalista presidirá por enteiro a nosa autuación encamiñada a conquerir para Galicia o réxime autonómico que vimos todos propugnando dende sempre.

Pol-o de pronto temos conquerido xa co'a imprantación da República a desaparición do caciquismo que amparado pol-o réxime monárquico imperaba na nosa terra. Desapareceron Bugallal, García Prieto, Riestra, Viguri, Calvo Sotelo, Cierva e demais caciques grandes e pequenos que imposibilitaban en ausoluto a marcha de Galicia por vieiros de liberdade. Xa non é pouco. E temos tamén que a República instaurada é federal e ven disposta a facer unha nova organización do Estado en senso federalista e con enteiro reconecemento da persoalidade integral das nacionalidades ibéricas.

Motivo d'abondo para sentir a satisfacción de que falábamos ao empezo.

Que ninguén entorpeza a obra do autual goberno e iremos de contado á creación d'unha nova Hespaña, a Confederación dos Estados Ibéricos de que nós temos falado sempre e que figura no noso programa. Galicia, como Cataluña e outros pobos, teñen conquerido xa a seguridade de que será un feito o noso sono dourado.

Xa en Galicia estase facendo toda a necesaria laboura de preparación do noso Estado. No seu día levarase a onde procede e teremos abranguido o que sempre foi noso pensamento.

Deixemos pois que as cousas vaian desenrolándose como deben; a autuación do goberno provisional co'a súa obra de ordenamento e consolidación do novo réxime e oportunamente, nas futuras Cortes, ficará prantexado o preito que será resolto como todos arelamos.

Namentras o noso deber é preparar o pobo para os futuros días. Compre unha aitiva campaña de erguemento cidadán en favor da Causa de Galicia e tamén da República que nos facilita o logro das nosas aspiracións.

Nós sentímonos hoxe ledos e satisfeitos pol-a ourentación que levan as cousas que nos aseguran días felices para a Nai Galicia.

Que todos e cada un seipamos cumprir co'a nosa obriga de bóns galegos nos momentos

transcedentae que vivimos deixando a unha beira toda crás de sentimentos que non sexan o de pensar, todos cinguidos, na comenencia de Galicia e na sua libertade que dentro do réxime republicano estamos seguros poderemos abranguer.

Que o noso outimismo prenda nos corazóns de todos, nacionalistas e galegos, e que a imaxe de Galicia alumee a nosa autuación,

O NACIONALISMO GALEGO E O MOMENTO AUTUAL

Declaración de fe republicana dos nacionalistas galegos

“Os abaixo firmantes, nacionalistas galegos e afiliados ás orgaizaciós representativas d’esta doutrina politeca, recollendo o estado d’opinión que coidan predominante entre os galegos qu’arelan a libertade e o milloramento da sua Terra, e obedecendo aos ditados da sua concencia, pensan que é deber seu manifestaren publicamente a sua atitude politeca frente do instante actual, a qual concretan nos puntos seguintes:

1.º Que consideran a República federal como a forma de goberno mais axeitada pra lograren as arelas mínimas do nacionalismo galego, e polo tanto, fan n-iste acto declaración de fé republicana.

2.º Que esta declaración non envolve de ningún xeito a aceptación de ningún dos programas dos partidos republicanos existentes en Hespaña, non que non referida estrictamente á forma de goberno republicano federal.

3.º Que están dispostos, adentro do que lles permita a disciplina das orgaizaciós nacionalistas a que pertencen, a colaboren politicamente cós partidos republicanos existentes en Galiza, na defensa da soberanía popular e dos elementales supostos democráticos,

na implantación do réxime republicano.

4.º Que non poden ingresar en ningunha orgaización republicana, nen aceptar xefatura nen dirección allea ás orgaizaciós nacionalistas das que son afiliados, salvo o cumprimento exclusivo dos compromisos concretos que cos agrupamentos republicanos poidan contraguer.

Ourense, 1.º de abril de 1931.
—Amador Villar Amor, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Peña Rey, Florentin L. Cuvillas, Arturo L. Trasancos, Joaquín Lorenzo, Eleuterio González, Angel Martínez Doval, José R. Fernández Oxea, Patricio Martín Sánchez, Carlos Guitián Fábrega, José M. Teijeiro, Ricardo Outeiriño, A. Vázquez de Parga, Urbano Domínguez, Francisco Rodríguez, José Goyanes.

As persoas que simpaticen co’a declaración qu’antecede poden mandar a sua adhesión a D. Manuel Peña Rey, calle de Vicente Pérez, ou a D. Eleuterio, G. Salgado, Libertad, 18, Ourense.”

Unha nota do Partido Nacionalista republicana.

«Téndose recibido numero-

sas adhesiós e preguntas procedentes de toda a provincia, tocantes ó programa e propósitos d’esta agrupación inteiramente identificada coas aspiraciós da República Federal hespañola, e crendo chegado o instante de loitar firmemente pola persoalidade e a libertade de Galiza, dentro da nova estruturación de Hespaña, fai publicos pra conocimiento de total-as persoas que queiran vir formar nas suas fias, os puntos fundamentaes do seu programa, que son os seguintes:

1.º República Federal hespañola, que leva consigo a autonomía do Estado galego, baixo a soberanía do Estado Federal hespañol.

2.º O poder autónomo galego débese encargar de todos os servicios públicos, quitando os seguintes:

Representación diplomática e consular. Defensa do territorio nacional, exército e mariña. Orden público. Xusticia criminal é réxime penitenciario. Camiños de ferro, Correos e Telégrafos. Monopolios de carauter gôral e Aduanas, Culto e clero. Estes servicios como propios da soberanía do Estado quedan a cargo do poder Central,

3.º Cooficialidades dos idio-

mas galego e castelán.

4.º A Terra pra quen a traballa, como ideal pra a resolución do problema agrario.

5.º Protección e defensa da produción galega, agrícola, pecuaria e industrial,

6.º Protección e defensa da cultura galega en todas as súas manifestacións.

7.º Reforma da organización administrativa, a base de dar personalidades ás parroquias.

8.º Desmunicipalización no campo dos servizos de Sanidade, que quedarán integramente a cargo do Poder Autónomo.

No domicilio do segredario da Xunta directiva. Hernán Cortés, 40, recíbense as adhesións ao Partido Nacionalista-Republicano.

Orense, 15 de abril de 1931.

A Xunta directiva: Ramón Otero Pedrayo, presidente; Arturo López Trasancos, vicepresidente; José Perille Garra, tesorero-contador; Felipe Oñate, vocal; José Gobanes, vocal; Ricardo Outeiriño, segredario.»

Unha nota das Irmandades

A Irmandade da Fala da Cruña en nome das demais Irmandades de Galicia e do Partido Nacionalista Galego, considérase no deber de facer pública a súa adhesión ao réxime republicano establecido na Hespaña, que polo seu espírito amplamente federal propónse resolver axeitadamente o problema das nacionalidades hispánicas.

Sin que de momento represente esta declaración ningunha petición, pois tal problema non pode ser resolto mais que nas futuras Cortes Constituintes, as Irmandades e o Partido Nacionalista Galego ratifican neste momento histórico o seu programa acordado na Asambleia de Lugo de 1918, base que consideran primordial para a confección do futuro estatuto galego, que d'acordo con outros organismos galegos, fa-

ruse oportunamente.—O presidente, Salvador Mosteiro.—A Cruña, 18 Abril 1931.

O programa de Lugo aínda foi reproducido en A NOSA TERRA no número de 1.º de Marzal.

A «Orga», Organización republicana gallega autónoma,

Lembranza do P. Sarmiento

«No sería menos curioso a descripción geográfica de todo y solo el Reino de Galicia en lengua gallega».

«No es dudable que si con el tiempo se diese a luz y se imprimiese en gallego una historia general y una historia natural de todo el reino de Galicia, se aficionarían los gallegos a su lengua nativa».

«Desengañense los nombres que ninguno podrá explicar bien: sus conceptos sino en su lengua propia».

«De seguro los gallegos de aquel siglo (el XIII) han gozado la dicha de que su rey les oyese o sus representantes o sus quejas, o sus agradecimientos en su propia lengua nativa y gallega sin el pegote de intérpretes como los soldados de Mitriades».

«No pocas veces he pensado en cual ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso o abuso de escribir en castellano lo que antes se escribía o en latín o en gallego.—La respuesta está patente que Galicia llora y llorará siempre: no los gallegos sino los no gallegos que a principios del siglo XVI inundaron el reino de Galicia, no para cultivar sus tierras sino para hacerse carne y sangre de las mejores y para cargar con los mas pingües empleos así eclesiásticos como civiles. Esos han sido los que por no saber la lengua gallega ni por palabra ni por escrito, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben sino el gallego puro. Esta monstruosidad es más visible en los empleos eclesiásticos. No sé como toleran los Obispos que quecuras noson gallegos ni saben la lengua tengan empleo *ad curam animarum* y sobre todo la adminis-

tración del Santo Sacramento de la Penitencia... Para evitar estos y otros absurdos... es justísima la ley o costumbre de los catalanes que jamás darán curato o rectoría al que no es catalán o no está examinado de que sabe bien la lengua catalana».

No momento preciso celebrárase unha gran asamblea galega onde se ultimaría o programa que Galicia desexa como sistema e insturación que será sometido as Cortes Constituintes da República.

D'iste xeito escribía o ano 1766 o P. M. Martín Sarmiento cuíos escritos filolóxicos está publicando o Boletín da Academia Hespañola. Poderían medrar as citas. Cò trascrito hai d'abondo pra que quen non coñoza a obra do sabeo monxe se decate de como foi il un grande galeguista, e n'un século no qu'o espírito gallego xúzgase morto agás da arquitectura, e por un home apraudido e considerado en toda a Hespaña como un prodixio de ciencia.

Ténsese dito que o galeguismo comprácese en «estudiar estrellas muertas», en se refuxiar no pasado como aquila ave do pórtico trunfal da «Virxe do Cristal» que morre pian-do malenconecamente. Pol'o contrario na hestorea, no pasado, vai xurdindo a concenza forte de non ser o galeguismo cousa de onte pra acá, nin folga de gabinete, sinon a mesma e úneca realidade galega.

«Non é certo qu'istes conceptos do P. Sarmiento figuran escritos fai poucos días por Lousada, por Risco, por Vilar Ponte? Mais istes atoparon na mesma terra galega unha incompreñseon non esperimentada pol'o P. Sarmiento. E conta qu'o ilustre monxe non deixou de tocar apenas ningún dos males da Galiza, sosten-do como home de espírito conteste o íntegro e verdadeiro programa do galeguismo como corresponde a todo galego ben nacido e afeito a pensar con sinceridade. O P. Sarmiento non alomeado ca fogareda da hestorea interior da Hespaña imperial sabía xuzgar o século XVI. «Téngase presente» escribe «que en ese

tiempo sucedió en el cielo la conjunción máxima de los tres planetas superiores: Saturno, Júpiter y Marte, para saber que en esas conjunciones suelen suceder grandes novedades...» E acaron de gorias guerreiras siñala: «guerras interminables en Flandes y civiles en Castilia; leyes de la Mesta: introducción de los mayrazgos». Engade mais abaixo: «Para maldita la cosa se necesita en Galicia la lengua castellana: le ha bastado por algunos siglos la lengua gallega que tanto apreció el rey D. Alfonso el Sabio y acaso su padre San Fernando...» Refírese sobre todo ó abuso curialesco, i-en todo o escrito sostén a tésis da necesidade fundamental de que a Galiza seipa e fale o galego;

Cando ainda hoxe hai galegos que teñen tod'o mais a sua lingoa por pranta de estufa literaria ou desafo-go sentimental ou esmorguista, sorprendería a forza do error si non estiveramos convencidos que somentes o error pode ter aparencia de vida pol'a priguiza dos defensores da verdade. E tamén, n'outro terreo, sorprende que a Galiza nova non se dispoña a faguer unha ediceon completa da obra xurdia do P. Sarmiento, pouco conecida, e dina pol'o menos de ocupar na cultura media da xente letrada unha atenceon semellante o que disfroiça o P. Feijóo.

R. O. P.

O programa do Nazonalismo

I

Espúxose no número do derradeiro d'A NOSA TERRA, cal é a ideología do nacionalismo, de todo nacionalismo, e do nacionalismo galego en particular e en especial. Agora hai que insistir en qu'a ideología do nacionalismo galego é aquela e non pode ser outra mais qu'aquela.

E somentes o que leve esa ideología no miolo dos ósos, e qu'a sinta apaixonadamente, fanáticamente, paroxisticamente, pode ser un engebre nacionalista galego.

II

No mesmo número d'A NOSA TERRA, tiveron os seus direitores o bon acordo de publicaren o Programa do Nacionalismo Galego aprobado na Asamblea de Lugo do ano de 1918.

Verbo d'isto compre decir duas cousas:

Primeira: qu'aquil non é mais qu'un programa mínimo do nacionalismo galego.

Segunda: qu'aquil non é mais qu'un programa politéco, ou seña, unha parte somentes do programa total do nacionalismo galego.

III

O nacionalismo galego abrangue moitísimo mais do qu'un programa politéco. Porqu'abrange a unha todol-os ordes da cultura.

Entendemos eiqui a verba cultura no sensototal que lle dá, por exemplo, Hoernes, coma sendo todo o qu'o home engade á natureza, ou seña, a totalidade da obra humán.

Nós propómonos a recostitución da cultura galega d'enriba embaixo, e a políteca non é mais qu'un aspeutoda cultura, e ollada dend'iste lado, tampouco é mais qu'un meio pra o outro: a parte posta ao servizo de todo.

IV

Propómonos sen mais, a galeguización total de galiza.

Veleiqui o resumo do programa total do nacionalismo Galego.

Propómonos a galeguización da escola e do ensino, da ciencia e da literatura, da Eireja e da políteca, do comercio e do traballo, da arte e da economía, da sociedade e das costumes, da casa e da paisaxe, da imprenta e do púlpito, da moral e do dereito, do gusto e da moda, da vida pública e da vida privada, da a e do fogar, do sangue e dos ósos, do pensamento, do sentimento e da vontade.

Propómonos limpar a y alma galega de total-as mintiras, de todol-os erros de todol-os preconceitos, e vicios, e cativeces, e ruis costumes que n-el acugularon a domiñanza allea consintida e o servilismo mental e moral dos nosos antergos.

V

En Galiza, o nacionalismo é unha subversión total dos valores. E'a única verdadeira, engebre, auténtica revolución.

Diante de nada, eiqui, o nacionalismo é unha sublevación da dinidade social, aldraxada pol-a escrava sumisión dos nosos, tanto como po-

l-a alteirosidade injusta dos alleos.

E logo, é a visión certa e nidia do único salvamento posíbele. Non hai ond'escoller, mais qu'antr'o nacionalismo e a morte.

VI

Pol-o tanto, compréndese ben qu'atras do Programa de Lugo hai outro programa moitísimo mais vasto e moitísimo mais fondo, que presenta diante de nós un labor ingente.

A carón do programa politéco de Lugo, teríamos que pôr un programa social, un programa cultural, un programa moral, un programa estético, un programa pedagógico.

Ningún d'istes programas está ainda formulado en parrapiños numerados e subparrapiños sinalados con letras; mais eisisten con todo detalle no mundo ideal, e viven no acordo unánime dos nacionalistas verdadeiros.

Non abonda: compre que todol-os galegos os coñezan. Compre facerllos deprender, anque seña á forza anqu'a letra lles entre con sangue e con bágoas.

VII

Compre isto pra a reeducación moral do pobo galego.

Porqu'o pobo galego ten que ser reeducado com'os inválidos. Porqu'o pobo galego é un inválido moral.

Hay que volverlle a dinidade que lle tirou a domiñanza allea. O pobo galego está agionllado diante dos estranos, e hai qu'erguelo; hai que ll'endereital-o espiñazo, afeito ás reverencias.

E pra isto non abonda a políteca.

VIII

E por isto toco, a bandeira é o idioma.

O idioma é o Verbo da Cultura propia, o Verbo criador. Somentes co-iste Verbo se fan os pobos. Todol-os eixempres e unha nol-o proban irrefutabelmentes.

O idioma galego é o fundamental. A fala galega é Galiza.

Pol-a nosa lingoa hai que traballar de cote, con esforzo, con paciencia, con intrasigencia, con rábea, con agresividade.

E pénsese ben, qu'iste non é somentes un asusto de cooficialismo...

VICENTE RISCO

SUSCRÍBASE A

"A Nosa Terra"

Unha carta

En resposta a un cablegrama que a Irmandade da Cruña recibiu o 15 de abril da Sociedade Nazonalista Pondal de Bós Aires foi cursada a seguinte carta:

Sociedad Nazonalista Pondal.

Bós Aires

Queridos irmaos: Foi no noso poder o voso cablegrama que di: *Condenamos vosa actitude pacto centralista ficando circunstancias actuaes inferioridade condiciós outras nazonalidades ibéricas.*

Fondo pesar casounos a vosa inxustificada aitude, que revela desconfianzas da nosa actuación. Supoñemos que ese cablegrama obedece á noticia propalada de que Cataluña proclamábase en república independente ao ser proclamada a república hespañola. Con ouxeto de levar ao voso ánimo a tranquilidade necesaria e poñer as cousas no seu verdadeiro lugar, respondemos ao voso anatema co seguinte:

1.º O sucedido en Cataluña foi unha lixeira que xa está xustificada aceptando a república hespañola e agardando a que no seu día Cataluña deixe ouvir a súa voz e lle sexa donado o estatuto que desexe dentro d'unha confederación de estados ibéricos.

2.º Pretender con aitudes violentas dificultar a nacente república parécenos unha torpeza que pode custar moi caro á solución verdadeira do problema catalán, xa que atópase en unhas condiciós de inferioridade material que non vos pode pasar desapercibida.

3.º Cataluña, e ao decir Cataluña decimos Maciá, é parte no pacto republicano de San Sebastián, ao que non pode faltar unicamente facendo deixadez da palabra empeñada, o que retrasaría a solución do seu problema, que non pode ser resoito de maneira violenta. Cataluña fica sometida a ese pacto, xa que erguerse agora contra o novo estado hespañol provocaría como cousa inmediata unha perigrosa reacción monárquica nin siquiera nada comenente para a mesma Cataluña.

4.º Galicia goza dos mesmos dereitos reconecidos que Cataluña para facer o seu estatuto no momento oportuno. Estase facendo xa, e no seu día levarase a onde proceda para ser aceptado en posto e vigor.

5.º Por razóns contundentes que vós coñecedes, como a inferioridade numérica, carencia de forza material e outras, non podíamos adoptar aitudes de violencia, que ademais de seren improcedentes pol-a supre-

ma realidade das cousas, levaríannos a un ridículo perxudicial que nobremente, por patriotismo galego, non poderíamos arrestrar.

6.º Pódese, e hasta certo punto é disculpavel, adoptar dende ahí actitudes arrogantes, mais por desgracia a realidade da verdadeira situación actual de Galicia non aconsella nin permite traelas aquí. Pol-o tanto, ninguén ten dereito a eisixirnos mais do que facemos pensando nobremente en Galicia e na táctica que procede para conquistar para ela o réxime de liberdade que arelamos.

Esto é canto temos que vos decir

ao voso cablegrama que pol-o seu significado doéunos grandemente, e que lamentamos que por un exceso de patriotismo e pouco estudo da realidade chegara ao noso poder.

Confiamos moito en que os feitos confirmen a nosa maneira de proceder e desaparezan do voso ánimo as dúbidas que poidera haber respecto ao noso comportamento.

Sin mais somos vosos e da causa da Galicia.

Pol-a Irmandade da Fala, o presidente Salvador Mosteiro.

A Cruña, 18 de abril de 1931.

DO MOMENTO

Xa saímos de dúbidas. A impranación da República veu a demostrar a razón que tiñamos os nacionalistas que dende fai tempo vimos defendendo a tesis da necesidade de incorporarnos ao movemento republicán hoxe trunfante. Os argumentos que dende fai meses viñen eu expondo n'estas páxinas respecto á táctica comenente para o nacionalismo galego teñen xa prena confirmación.

Trunfou a República como cousa natural imposible de destruír. Por virtude d-eso xa podemos agora adicarnos de cheo ao pensamento nazonalista e acadar para Galicia dentro do actual réxime a liberdade autonómica que non era posibel conquistar no réxime monárquico.

Desapareceron xa os grandes obstáculos que se opoñían á liberación da nosa terra. A monarquía e o caciquismo. Non poderá ninguén, dudar xa da consustancialidade dos dous conceptos. Era ridículo pensar en destruír o caciquismo galego namentras subsistira a Monarquía. O caciquismo era produto natural do réxime destruído.

Para Galicia xa nada representan Bugallal e demais caciques galegos incapacitados hoxe sin o amparo das outuras.

Ficamos libres de tal preocupación. A nosa terra respira hoxe libremente e xa non sente riba das súas costas a opresión bárbara de caciques e cacicuelos que impedían o desenrolo natural e progresivo da nosa vida escrava ate agora e supeditada á tiranía monstruosa de tanto vividor e sinvergoña.

A República desfixo n'un momento o que de se non trocar as cousas sería imposible destruír.

Como xa tiña anunciado aparece

a República inspirada n'un outo pensamento federalista e disposta a estruturar a Hespaña con arreglo á súa consitución natural.

No pouco tempo que inda leva instaurada xa nos ten dado contundentes mostras do seu pensamento en materia autonomista.

O pacto de San Sebastián está en pé. No seu día terá forma e será unha realidade lediciosa para as nacionalidades hispánicas.

Galicia está ben representada no acordo e poderá conquistar oportunamente o réxime propio que queira darse.

Nunca nos tempos da Monarquía pódose chegar a tanto.

Compre non precipitarse. Facer as cousas con calma e ben. O Estatuto galego xa está en boas mans. Até as Cortes Constituintes nada poderá facerse. Intréanos fundamentalmente deixar que o Goberno provisional continúe a súa marcha sin tropezos nin outras preocupacións que as naturais de ordenamento e consolidación do réxime. Compre pol-a nosa parte unha fonda compenetración con él, sin a menor reserva mental. Eu teño ausoluta seguridade e confianza nos seus propósitos de innegabel comenencia para nós.

Intresa, eso sí, unha aitiva e persistente campaña por toda Galicia de erguemento do espírito cidadán en defensa da República e do futuro Estado galego. Temos que limpar o noso agro e tamén as nosas vilas dos resabios caciqués e incorporar a todolos galegos á nova vida que agora comenza.

Unha rexa campaña feita d'acordo co-as organizacións republicanas.

Que para as próximas eleccións constituintes cada galego, da vila e

do agro, téñase decatado da transcendencia dos momentos actuaes e cumpra cō seu deber.

Unha laboura educativa e grande necesitase facer por todol-os currunchos da nosa terra

Comp.e hoxe mais que nunca a unión firme de todol-os nazionalistas.

Desaparecidos os motivos que n'algún momento poideran enfriar as nosas internas relacións por diverxencia de apreciación imponse a presa a colaboración de todos na obra común.

Veñen días de intenso traballo no que todos temos a obriga de intervir.

Que cada un cumpra cō seu deber no momento actual verdadeiramente histórico e decisivo no destino de Galicia.

Son horas de responsabilidade ante as que compre autuar con serenidade e firmeza sin precipitacións

Eu chamo a todol-os nazionalistas a que mediteu na comenencia de colaborar no enraizamento do novo réxime para abranguer para Galicia a liberdade que sempre defendimos e que únicamente agora poderemos conquistar. Esquecendo prexucios políticos ou relixiosos para pensar en Galicia e no seu porvir.

VICTOR CASAS

Tradiceon e Modernidade

¿ Por qué opoñer as dúas verbas ? Que se non vexa na pregunta ningún xogo por pasar o tempo enchendo dúas cuartillas. Coidamos, con honradeza, ser o tema merecente do desenrolo forte, metódico, ouxetivo, que eiquí non podemos faguer. En todo tempo e mais no tempo noso, en cada terra e mais na nosa terra, tradiceon e modernidade loitan ou figuran loitar no eixo da maoría dos problemas.

E non será iste, il mesmo, un problema valeiro de sentido? En ningún tempo como na Hespaña de hoxe, e de fixo en poucas rexións coma a Galicia de agora, houbo tanta urxenza por prantear problemas sin intenso sentido. Manía de imitaceón aínda non curada. Falla de severidade na vida espiritoal. Outras moitas causas E dende logo a falsidade orixinario d'ista nemiga maxinada entre dous conceptos que non deben ser pensados en tal categoría de contraposiceon.

As dúas verbas gastadas en tantos usos figuran—como outras moitas—teren amingoadas, seu conteñido esenzal. Pois os dous son de vida e non de moda, de criaceon e non de perfeuceón veciña da morte. Agora que aparecen evoltos en prodoitos estranos, e a Tradiceon, pra moita xente, envolve a conservaceón de toda vellez e a Modernidade pra outra xente de polo oposito mais no fondo igoal a primeira, contén somentes a moda derradeira. E decir, o que é vello o día seguinte. Pol'o que as falsas interpretacións das dúas verbas veñen a significar o mesmo: elementos transitorios, podían que tinxidos d'unha coor de vida. Mais non en eles mesmos vida.

O espírito d'un pobo—a Galiza,

n'iste caso—soilo se pode pensar dreitamente como unha disposiceón, unha aptitude, endexamais agotada en realizaceós rematadas, e n'il tradición e modernidade serán somentes xustificadas no tempo e non na esenza. E'dicir, un espírito que se non esgota, e que en cada momento dá a sua soluccion precisa, que se chamará tradiceon ou modernidade asegún seña de onte ou de hoxe. Mais nos dous casos terán igoal dereito á vida pois deitan da mesma fonte da vida, e soilo un criterio vital pode distingui-las da chea de aparencias que na realidade aparenzal as encobren. Todo o que sexa vello ou esteña destinado a ser vello non pode ser nin tradizoal nin moderno, será non mais peso morto, cárraga sin valor, imitanza e pesadelo. E o problema eixo da nosa cultura será máis que decidir entre as dúas precisar o que teñan d'espírito galego, de realidade galega, pra que lozan fortes e bariles e podían vencer ás diáreas tentacións da Morte, a grande nemiga, a meiga embruxadora.

R. OTERO PEDRAYO

NOVAS DA CAUSA

O noso querido irmán Ramiro Isla Cout. comunicanos que en Bós Aires constituise unha entidade cō ouxeto de fundar e soste en Galicia unha escola nacional galega.

Teñen pedido xa datos a diversos consulados para estudar a forma de funcionamento que serán adoptadas ás condicións galegas.

A noticia, que como xuzgarán os

leitores téñ unha extraordinaria importancia, recibímola con ledicia fonda e ao mesmo tempo que apraudimos o patriotismo dos nazionalistas emigrados na Arxentina cobizamos que o seu proieuto sexa axiña unha vizosa realidade.

Tamén a Irmandade cruñesa dispónse a resucitar con amplitude o seu desexo de fundar escolas o mesmo que xa fixo co'a que estivo sostenendo varios anos na Cruña.

Temos recibido unha circular da Institución Cultural Gallega, entidade residente en Bós Aires creada para proteccion do Seminario de Estudos Galegos.

Dá conta das sociedades afiliadas baixo ese tiduo e da laboura que ven realizando como tamén das remesas xa efectuadas ao Seminario que importan 6.700 pesetas.

Verdadeiramente ledos pol-o propósito, xa concretado en feitos, que inspira a esta colectividade enviamoslle o noso mais caluroso aprauso por obra tan patriótica e dina de imitación.

Lembrando aos mártires de Carral

O domingo 26 celebraron en Galicia tres aitos conmemorando o 85 aniversario do fusilamento en Carral dos militares que n'aquel tempo loitaron contra o ausolutismo de Isabel II e Narvaez. Un movemento popular ateigado de arelas de liberdade e de protesta contra o centralismo. cuio inspirador mais destacado foi o precursor do nazionalismo galego Antolín Faraldo.

Coincide iste aniversario co'a proclamación da segunda república hespañola e co'as arelas xeneraes de autonomía rexional e con tal motivo resalta mais a conmemoración d'aquela xesta do pasado século.

En Carral e orgaizado pol-os Amantes do Campo cruñés celebrouse o aito de colocar unha lápida cos nomes dos fusilados no movemento

a eles ergueito pol-a Liga galega en 1.904. Concurriu moita xente de Carral, Santiago, A Cruña e outros pobos cercanos. Falaron no aito o alcalde de Carral, o señor Insua, presidente da comisión orgaizadora os señores Rodríguez e Caño, o noso irmán Lugo Freire en nome da Irmandade facendo un discurso maravilloso historiando a epopeia, o seu significado galeguista e relacionando cós momentos autuaes e o noso bón amigo Luis Taboada Montoto que

en nome do Concello cruñés pronunciou un discurso en galego mui falado pol-os concurrentes.

Visitaron as campas dos fusilados onde foron pousados ramos defrores.

En Vigo orgaizou o grupo autonomista un mitin no que falaron, todos en galego, Carballo Calero, Otero Pedrayo, Paz Andrade e Castelao. Un mitin grandioso de ófonda exeltación nacionalista que o inmenso público escoitou con gran entusiasmo.

En Ourense o Partido Republicano Nacionalista celebrou un mitin na alameda no que falaron Eleuterio González, Risco Paz Andrade Castelao e Otero Pedrayo.

Todos tamén fixeron en galego resultando un grandioso aito de fervor patriótico.

D'este xeito foi lembrado en Galicia aquel movemento galeguista cuia xestación enlumeirou xa no tempo da dúas idea co'a proclamación da República autual.



Vente Ventiño do Norte

Vente ventiño do Norte,
 vente ventiño norteiro
 asubía en meus ouvidos
 a canzón do frío inverno;
 traime lembranzas dos montes
 de branca neve cubertos;
 de parte da branca neve
 ven dar-me xiado beixo,
 que mais quero aterecer
 ao contaito dos teus beizos,
 que sentil-os agarimos
 de ventos moles tépedos;
 das arbores que apouvigas,
 pra facerte cós brinquedos
 da amerelas follas murchas,
 trai amin o bruar fero;
 traime os laios musicaes
 das xestas e dos piñeiros,
 pois quero ouvir da montana
 o baril belo concerto;

quero trocar a molice
 e dorzura do bon tempo,
 pol-as aspras aloumiñas
 do barudo e forte inverno;
 quero que xunto a min cheges
 cantando o canto guerreiro
 do Norte e que cheo de azos
 amantes o canto meigo
 do brando Sul, teu nemigo;
 quero verte de min perto;
 quero ese teu bruar rouco,
 non o carpir silandeiro
 e femenino da bris
 maina cal chorar de neno.
 E pois non quero tenruras
 e tua amizade quero.
 Vente ventiño do Norte
 vente ventiño norteiro,
 vente ventiño do Norte
 seral-o meu compañeiro.

Florencio Manuel Delgado Gurriarán



A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas.
América, un ano 8 pesetas. (Pagos adiantados)

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN
Rúa Real, 36, 1.º A Cruña

Peluquería La Modernista

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía Castro e Linares Rivas, da Escola Dramática Galega e de todol-os cadros de decramación da Cruña. Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caracterizacións para Teatro.

Para toda crás de traballos de peluquería dirixirse a

SAN ANDRÉS, 94, 1.º A CRUÑA

FRANQUEO CONCERTADO

Sr.

Imprenta de M. Villuendas. - Betanzos

Zincke Hermanos

LIBRERÍA - PAPELERÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37
A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito Ptas, 17.000.000
Id. desembolsado 11.000.000
Fondo de Reserva. 6.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondoñedo, Pontevedra, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Povoas do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Pontevareas, Chantada e Preuse.

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

PAULINO FREIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa. Aparellos armados e en panos para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado. Cables de aceiros, ingleses. Aceites xenerás e vexetaes, e surtido comreto para maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 29

A CRUÑA

A superioridade dos

CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega.

HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pola sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA, - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

Inmenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confecciónase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA